



Seccións
Xornal
Resumos de prensa
Axendas
Publicacións
Entrevistas
Opinión
Entrevistas
Opinión
Aconteceu
Taboleiro
Redacción

Recoñecidos como centros singulares de investigación de Galicia e agrupacións estratéxicas consolidadas o CiQUS, CiMUS e CiTIUS

Recibirán ata 2019 preto de sete millóns de euros

Actualizada: 03-02-2017 11:06

Tweet    



O titular da Xunta de Galicia entregou as credenciais este xoves.
Foto: Xunta de Galicia

Tres centros da USC acaban de recibir as súas credenciais como centros singulares de investigación de Galicia ou agrupacións estratéxicas consolidadas que lle outorgou a Xunta de Galicia logo dun proceso de concorrència competitiva no seo do Sistema Universitario Galego (SUG). Esta convocatoria da administración autonómica, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 levaba parello financiamento para o período comprendido entre 2016 e 2019.

Como centros singulares de investigación de Galicia da USC figuran o de Investigación en Química Biolóxica e Materiais

Moleculares (CiQUS), que recibirá 2,8 millóns de euros ao longo de catro anos e o de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (CiMUS) que obtivo 2,5 millóns na mesma convocatoria. Pola súa banda, o Centro Singular de Investigación en Tecnoloxía da Información (CiTIUS) acadou 1,4 millóns de euro de financiamento e o recoñecemento como agrupación estratéxica consolidada.

En total, a Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria destinou a esta convocatoria máis de 13 millóns de euros ata 2019 co obxectivo de potenciar organizacións que destacan polas súas capacidades científicas e a súa contribución á xeración e difusión de coñecemento. Como se recollía na convocatoria, a actuación ten a finalidade de impulsar a calidade e o impacto da investigación realizada en Galicia e potenciar o efecto tractor que estas unidades exercen sobre o conxunto do sistema.

O financiamento achegado destinarase ao desenvolvemento de programas de investigación co obxectivo de fortalecer as súas capacidades de liderado. As axudas concedéronse en función dunha serie de criterios que valoraban a calidade científico-técnica, capacidade e características destas unidades e dos seus proxectos estratéxicos de investigación en consonancia cos retos estratéxicos contidos na RIS3 Galicia. No acto de entrega destas credenciais, o titular da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo anunciou o lanzamento dun novo programa de captación de talento sénior, para que as tres universidades galegas fichen persoal investigador con carreiras xa consolidadas de xeito que potencien e diversifiquen as liñas de investigación xa consolidadas.